

iota!

A historia da pita
que elixiu a nosa escola
pra poner.

Contada polos propios
escolinos de Os Prados
Cervantes
Lugo

onde
irei
poner?

a
Banda

galaxia

Coordinadora:

ALICIA L. PARDO

Debuxos portada e contraportada:

ESCOLINOS DE OS PRADOS

Deseño:

M. JANEIRO e F. MANTECON

Edita:

EDITORIAL GALAXIA, S.A.-Reconquista, 1-VIGO

Imprime:

ARTES GRAFICAS GALICIA, S.A.- Segovia, 15 - VIGO

I.S.B.N. 84-7154-506-3

Dep. Legal: VG-113-1985

A idea da publicación deste libro xurdiu dunha iniciativa do V Congreso do Movemento Cooperativo de Escola Popular, celebrado en Santiago no verán de 1978. Expresamos eíquí o noso agradecemento a dito Movemento e á Asociación Pedagóxica Nova Escola Galega, que deron pé para que esta historia poida chegar a cantes sintan a inquedanza dunha escola na que os nenos aprendan dun xeito natural e sexan tan felices coma fomos nós durante estes cursos na escoliña de Os Prados.

Escolinos e mestra de Os Prados.

NOTA DO EDITOR

O presente libro non foi sometido a corrección lingüística, preferindo respeita-las formas e variantes dialectais da montaña luguesa de Os Ancares, tal como os nenos as escribiron.

Por diversas razóns, este libro, que tiña que ser publicado en 1979, non pudo aparecer ata agora, aclaración que coidamos é necesaria para mellor comprender o seu significado.




A galiña dos Prados

A galiña dos *Prados*
sabe onde pór.

Libre de fados e mitos,
allea a poderes e inmediatos coidados,
non pon os ovos fritos
e só pro seu señor.

Sabe onde pór os ovos que dan pitos.



Uxío Novoneyra

Esta historia entrañable e insólita non é máis que unha pequena parte dun fabuloso acontecemento: «Unha pita, polo seu antollo, compañeira entusiasmada da nosa escola».

O contido desta publicación xurdiu dun traballo escolar espontáneo, polo tanto non se fixo con mentes de ser publicado. Se ó final se publicou, foi polo interés que nisto puxeron moitas persoas coñecedoras do feito. Soamente vos podemos presentar o resumo, que foi quedando impreso na nosa imprenta escolar de xelatina, das visitas diárias da Pita, das súas ausencias, do noso medo a perdela; mais foron tantos os traballos diarios da escola inspirados neste querido personaxe que non os pode apreixa-la nosa posibilidade de expoñelos.

Nestas páxinas temos que conformarnos con recoller algunas das moitas anécdotas da convivencia coa nosa Pita, porque o que os nenos poden manter plenamente vivo nos sentimentos e na imaxinación non se pode artellar en ningún xeito de síntese. O cariño que lle tivemos a esta excelente compañeira, convertida en personaxe extraordinario, deu pé a un emotivo centro de interés, que dispuxo o espíritu da escola cara a un clima de ledicia e fraternidade e que fixo pouso na nosa alma coma unha poética lembranza.

O que si podemos dicirvos é que esta maravillosa experiencia deulle un novo senso á nosa escola e sen dúbida foi a motivación más alentadora para saír das disecadas leccións dos libros de texto. Coa nosa Pita fomos tan lonxe que de contado aprendemos a *onde pode chega-la escola cando principia por escucha-la vida*.

Que ninguén espere atopar neste traballo unha obra cumprida, nin vaia coa teima da linguaxe académica. Trátase do reflexo da fala duns nenos da montaña luguesa de Os Ancares, coas súas peculiaridades lingüísticas; por respeito a isto e porque pretendemos que esta obriña sexa un vivo testemuño dos escolinos de Os Prados, que a concebiron e expresaron deste xeito, non aceptamos fazer correccións pertinentes con miras á perfección lingüística ou a un rigor da edición. Aínda que fixémo-las correccións propias da escola no tocante a peneirar castelanismos.

Enveredados polo interés da nosa obriña, dispuxémonos a amosala, coidando que os lectores apreciaran nela a tenrura e ilusión que envolven este feito.

Sendo a Pita tan forte motivo de inspiración para os nenos, sobre ela decote xurdian escritos tanto de narracións reais coma de narracións e debuxos cheos de fantasia. No libro aparece a faceta do realismo (narración verdadeira da historia) e maila faceta imaxinativa espallada pola ilustración (os debuxos saídos de tódolos escolinos para aqueles textos e contos sobre a Pita).

Possiblemente o noso xeito sinxelo de expoñer estas vivencias pode resultar extraño por non axustarse ós ringuilóns establecidos pola cultura das cuadriculas; certo, non se axusta, porque o noso libro vén ser un manifesto da nosa concepción da escola e, en definitiva, da existencia, que non cadra co concepto adoitado da escola que está a vencellar homes ó seu sistema a por de menospacia-las culturas naturais e amorma-la infancia, deixando a persoa tolleita entre unhas feituras ríxidas alleas á súa realidade individual e colectiva.

Esperamos que esta historia non remate. Para mim, por mor dun traslado involuntario, acabouse a ventura de compartir con estes nenos a continuidade desta experiencia.

Voume con fonda dor. Mais levo o presentimento de que a nosa Pita, —quizais convertida no personaxe que a ela se lle antolle... — visitaranos un dia calquera a cantes sintámo-lo anceio dun feito maravilloso. Este anceio comprírase sempre que teñamos un alento vido dos aires fantásticos que nos arrollan e teñamo-la inquedanza de adeprender alén de onde alviscan os nosos ollos.

Outono de 1978

ALICIA L. PARDO

Mestra na escola de Os Prados (1975-1978)

Ós nenos lectores

Queridos amigos:

Cando algúns maiores vos reprendan porque enredades en cousas ás que eles non lles ven proveito, como pode ser facer caso dunha galiña, non llelo tomedes a mal; fano de boa fe, pero ás veces non entenden cousas moi importantes.

As persoas, ó remata-las medras, corrémo-lo risco de deixarnos atoxegar polos nosos traballos e angurias sen gardarmos vagar tan sequera para disfrutar da natureza que nos arrodea; así, sen percatarnos, ímonos esquecendo desas cousas tan fermosas que vós sentídes latexar.

Vós vivídes despertos ás maravillas que esconde a vida e sabedes detersos nelas. Vós tedeis tempo para todo: convivir coa xente, cos animais, coas prantas, xogar, traballar, viaxar coa imaxinación por todo o que hai e non hai... por iso sóde-los nenos os máis capaces de amosarnos ós adultos as delicias que se atopan na vida, e como hai que adicar un tempo a certas cousas...

Eu, asegúrovos, que aprendín moito cos meus escolinos, porque sempre tiñan a fantasía disposta e levaban as mans cheas de tenrura para acariñá-las cousas que vían cos ollos ou coa imaxinación. Por verbo disto, estes nenos e mais eu atopamos na Pita unha experiencia para sorrirlle á vida.


Se nós deramos creto ós que pensaban que a Pita na Escola era unha tresleada, se non mantiverámo-la ilusión aberta a un caso insospitado que lle cadrou pasar na nosa escola, perdíamos esta inmensa vivencia que tanto nos engaiolou e arxilou a nosa sensibilidade.

Chegado o duro momento de ter que separarnos en contra da nosa vontade, quédanos un alento ó sentir como entre nós non finda esta Historia. O seu froito vai xermolar coas ilusións que encheron o noso corazón e axuntaranos nunha amistade que non esmorecerá coa distancia nin co tempo.

Déixovos coa nosa Pitiña, que dende agora tamén é vosa.

Despídome co anceio de que tódolos nenos teñades abertas as portas das vosas escolas para cando “unha pita...” se vos presente.

Alicia





Primeira temporada

Cando á pita lle deu por vir poñer á nosa escola.

Esta historia tan fermosa da Pita escomenzou cando nos arreglaron a escola, pois a nosa escola era tan riña* que tiña o chau todo cheo de furados e non parabamos co friu, por eso houbo que repisala e facer unha cheminea.

Esto foi polo mes de abril do curso 1975-76.

O segundo día que veu traballa-lo carpinteiro, Manuel do Pi-
co de Trabado, era un día moi bon de primaveira. Aló polas
doce da mañá entra unha Pita rubia cacarexando pola escola
adiante. O carpinteiro parou de petar e a Pita, sin ningunha
vergonza, andivo paseando pola escola e subindo por tódolos
sitios, astra que atopou unha fornela* que hai na parede onde
temos libros e papeis. Como non atopou millor sitio, eili se en-
guruñou* pra poñer-lo seu primeiro ovo.
¡Deixóuno-los libros todos cheos de lama!

O segundo ovo xa non o puxo na fornela, pois ocurriuselle su-
bir polas estanterías do almario.

O terceiro ovo púxoo na papeleira que temos colgada na parede, e eso que lle costou ben traballo chegar a ela, porque aínda taba* ben alta, tiña que subirse ás mesas e voar dende elí.

O cuarto día non veu o carpinteiro, claro; a escola taba pechada e a Pitiña non tivo por onde pasar.

¡Quén sabe o que pelexou pra entrar, galán*, pois non atopaba ningún sitio tan gustoso pra poñer coma a nosa escola!

Mentras tuvo* traballando o carpinteiro, tiñamos que dar escola fóra. ¡Ben pensamos que cando nós volveramos ela non querería vir, pois espantariáse co noso barullo! E foi así o primeiro día, pois...

¡Non veu!

O segundo día, á media mañá, subiu pola escaleira cantarexando, sentímola e abrímoslle; entrou amodiño coma se tivese medo e andivo por entre as mesas mirando coma se non tuvera* moi segura.

Cando viu que entre nós taba ben, dispúxose a poñe-lo seu ovo e andivo mirando o xeito de chegar á papeleira, emperou a subirse polas mesas e a pegar voos pra meterse nela, pero non daba chegado.

A nosoutros dábano-la risa, a Pita espantábase e tiñamos que mordernos pra non rir; pero ás veces estouparabamos. Eisi que tuvemos* un pouco caladiños, deuse metido na papeleira e acobilouse* ben, tapándose cunhos papeis e cando faciamos barullo botaba a cabeza fóra e gruñaba*:

¡Coog, coog...!

Botou moito tempo pra poñer, debía tar* algo nerviosa, astra se baixou unha vez da papeleira, pero como tiña moita gana e non deu aguantado, volxeuse subir.


E deili a un pedaro...

PUGEO.

Despois, cando foi pra baixar, como a papeleira era moi fonda, costoulle moito traballo, e ó tirarse ela, caeuille todo por riba e cimbrou*os papeis por eili adiante.

¡Menos mal que non se rompeu o ovo!

¡A Pitiña sudaba co traballo que levara!



cando a nita
cimbrou os papeis
e por pouco non cai
o ovo.

Hoxela

Tódolos días tiña aquí traballo pra subir e pra baixarse, astra que un día lle galgou* o ovo polo chan adiante; a papeleira xa iba desfeita de tanto termar dela.

Por eso e porque tiñamos medo que un día se esfachara co golpe, dispuxemos facerlle outro neal* na escola. Puxémoslle no chan unha caixa grande de cartón, pero a Pita non a quería por nada, seguía ca teima da papeleira e tivemos que esconderlla.


¡Terqueaba en non poñer noutro lado!

Á Pita viámola desesperada, dando voltas, entrando e saíndo ó redor da escola.

Despois puxémoslle herba seca pra que lle fora ben gustoso o neal e subímoslle a unha mesa vella, porque sabíamos que lle gustaba voar e poñer nun sitio alto.

Ó cabo apareceu cando xa se viu moi apurada, pois levaba uns días sin poñer na escola.

Por fin afíxose eili e viña moi leda e fachendosa tódolos días pola media mañá; cando taba a porta pechada, cantaruxaba un



a pita porcando no meaico nado
que lle ruxemosriba da mesa






A PITA NO BAILE

Anxel


nouco pra que lle abriramos; nosoutros abriámoslle axiña e entraba toda chea de razón cos seus cantidos pola escola adiante, meténdose entre as nosas pernas.

¡Tabamos moi fedos con ela!



Un ovo xigante que puxo
a nosa pita.

Eugenio Topín



a pita no mundo
buscando de comer

Lagomio Capón

Ó pimeiro facíanos tanta gracia que non aguantabamos ca risa,
pero despois xa tomamos moi en serio aquela da Pita e tiñámola
como unha compañeira máis; nosoutros traballabamos igual men-
tras ela cantaba e poñía. A Pitiña cada día taba más a gusto
con nós e fixose moi mansiña.

¡Cada día queríámola máis!

Os nenos pequechos ríanse moito con ela e entre todos inventá-
moslle moitos contos e cantarolas.

O pior do caso foi o dos ovos, pois os primeiros démoslllos á dona, que é Doña Aurora do Fondo.

Despois empezamos a pensar que aquiles ovos tan grandes, bonitiños e marelíños, debían ser pra nosoutros, porque a Pita xa era coma nosa e eisí podiamos facer un roscon con iles, ou poñerlllos a ela en caso de que chocara e despois criabámo-los pitiños.

Queriamos compra-la Pita entre todos, pero a dona non nola quixo vender por nada, anque nós lla pagaramos ben. A ela parecialle unha tolada aquelo da Pita. Os escolinos deunos moita rabia, tivemos que seguir dándolle os ovos unha temporda, pero decidimos que eso non podía ser, que nos ibamos quedar con iles anque á dona non lle gustara. Pasamos unhos días sin darlllos, pero véunolos pedir.

¿Qué acordamos?

Traer entre todos ovos da casa. ¡Ah, pero atopámonos con que non eran todos iguais! Dona Aurora íbase decatar de que non eran os da Pita, eisí que argallamos que Alicia se fixera cunhos ovos semellantes ós da Pitiña: marelíños, grandes e todos iguais. A dona non se maliciou e quedou conforme.

Otro caso presentósenos ó chegaren as vacaciois* de Sema-
na Santa.

¡A probe Pita tiña a escola pechada naquiles días!

O día que fomos de vacaciois*, cavilamos moito no que habíamos
facer con ela:

Unhos decían que se encargaban de abrirlle tódolos días, pe-
ro esto non podía ser, porque a esa hora tiñamos que ir cas
vacas.

Otros decían que era millor facerlle unha marca pra coñe-
cela, diste xeito se ela non viña, iríamos buscalo e acariña-
riámola pra que viñera con nós.

Ó fin decidimos cortarlle un pouco as plumas dun caxote, por-
que elí non llo notaba a ama.

Naquiles días, os compañeiros que viven nos Prados vian á Pi-
tiña moi desesperada por diante da escola.

¡Qué pena nos daba que non poidera entrar!



a pita queria poner na
papeleira e non que lla axadearon
e decia : ; ai que cono! non me
deixan poner na papeleira !

Cando voltamos das vacaciois, botou unhos días sin vir.
¡Ben cavilamos que non quería saber máis nada da escola!
Trouxémola un día e démoslle de comer, pero marchou sin poñer.

Cando xa non a esperabamos, un día apareceu e dende aquela non se separa de nosoutros.

Os fins de semana non sabemos cómo se apaña; o chistoso é que cando chegabámo-lo luns, xa ela taba agardándonos no camín* e ainda ben non aparecía Alicia pra abrir, botábase a correr coma un ringuílete diante de nós; toda nerviosa coma se non aguantara máis.

Moita gracia nos facía vela tan apuradiña, chacho*, e berrabamos:

"¡Alpartade... deixaina pasar, que solta o ovo pola escaleira!"
E... si, si... Era a primeira en entrar, iba direitiña ó Neal e deseguidiña o ciscaba*.

¡Que agustiño quedaba despois de tanto termar dil!
E poñiase a cantar toliña ó sentirse tan aliviada.

Alicia e a Pita



Manolito López

Un día levamos moito disgusto porque unha moto pillou a
unha pita moi parecida á nosa.
¡Menos mal!

Ó chegaren as vacaciois do vrou, i canta pena nos daba deixala nosa amiguña! Todos deciamos:


¿Qué será dela?

¿Botaranos de menos?

¿Onde irá poñer?

O día que fixémo-la despedida do curso, estivo con nós todo o tempo. Queriamos facer unha película con ela, pra eso veu un primo de Alicia, pero taba un día moi escuro e non saíu ben. Aínda hoxe nos pesa por ela.

Despedímonos da Pitiña pensando que nunca máis volvería prá escola.



O Galo vai le dar unha chucha
a mosa pita no prado do Fondo

Abel López



Ottmar
Gómez

30

A Pita buscando
xusticia polo mundo
adiante.

31

"Os Galos" de Os Prados


Ós veciños diste pobo chámánllles "Os Galos", por eso de que a xente de cada aldea ten un nome coma de remote. Esto pra nós ten moita gracia, polo que cadrou ca nosa Pita.

Cando decorámo-la escola, amañamos unha pizarra vella e pintamos nela un galo moi encachinado e repoludo, por a quelo de que era coma o símbolo de Os Prados. O casíño foi que iste galo tiñámolo colgado xusto riba da papeleira dichosa, onde despois se lle entoxaría poñer á Pita. Si nós déusenos por decir que ó millor a Pita quixo poñer eili, porque lle engaiolaba aquel galo. ¡Calquera sabe! O que sí sabemos nós é que á Pita moita cobiza lle levaba aquel sitio, por máis que tiña unha enrevesgada maniobra pra chegar.

iAi galán, colleu boa perrencha cando lle tivemos que esconder aquela papeleira!



a pita esperando detrás da porta
e chorrendo por ela. ¡ como man
habia maide ma escola !



Añxela

a pita disfrazada
de "chica"



Segunda temporada da Pita na escola

Outono

Nas vacacionis do vrau í moito nos acordamos da Pita! Cando escomenzámo-la escola no setembro, foi no primeiro que pensamos todos: ¿Qué sería da nosa Pita? Non a viamos nada por eiquí, í claro! mal a podiamos coñecer co cambiada que ela taba; parecía unha velliña, taba toda desplumadiña, pois xa "andaba na vendima*".

¡Qué lástima nos deu aquil bon día que se presentou na escola
toda peladiña e feúcha!


Puxémonos tolos de contentos. A todo o mundo lle deciamos-la
nosa novedade.

Á xente que o soupo, moita gracia lle fixo, parecíalles cousa
do outro mundo. Ninguén comprendía iste asunto. Pero a nós
dábano-lo corazón que unha amiga coma ela non se perde.

O primeiro día que nos veu ver, non puxo.

Celebramos moito a súa visita, démoslle unhas migallas de
pan e logo marchou.

Esto fixonos pensar que viña somentes vernos, ¡xa tería neal de
todo o vrav!



Isabel
Gómez

A nosa sorpresa foi ainda máis grande pró outro día, que chegou e meteu-se no seu neal.

Nosoutros, pra celebralo, fixémoslle coma un monumento na papeleira onde empezara a poñer e adornámola cun mosaico que representaba unha pitiña rubia poñendo. Tamén lle compuxémo-lo neal onde poi* agora, cun papel moi feito e con herba seca nova. Pra que subira más agusto, fixémoslle unha escadía, pero non lle gustou, ela quere millor voar.


Nesta temporda de outono xa iba moi cansiña, soio poñía díá si e díá non, astra ilo facéndoo un díá que outro e ó deprumar de todo rematou a postura.

Istes ovos merecían unha festa, e o oito do Nadal, que era santo, xuntámonos na escola. Fixemos un bon lume na chimenea e con eles preparamos unhas tortillas moi ricas, unhas lambe-ladas*, e rematamos cun magosto.

As cascas dos ovos sacámolas enteiras e gardámolas de recor-dó; cando decorámo-la escola no Nadal pintámolas e puxémo-las de adorno.

Naquiles meses de inverno non volvreu, viámola por elí toda peladiña e atercida de frío.

Nós escribiámosselle moitas cousas, contos e cantarelás.





A terceira temporada da Pita na escola

Un susto que levamos ca nosa Pitinha...

Aínda non nos deixara o inverno, tiñamos unha gran nevarada; unha pita rubia andaba peladiña polo Prado do Fondo cegada pola neve. Neste presentouse un avizolo famento. ¡Centella o coma! Pegou con ela; bricámonos aló e cuando demos chegado xa pouco quedaba dela.

¡Qué disgusto!

¿Sería a nosa Pitinha?

Fómonos chorando prá escola.

¡Vaias días que pasamos!

Astra que un día se presentou na escola. Foi coma unha aparición.


¡Daquela si que foi! Os escolinos e Alicia brincabamos de ledos que nos puxemos. Non esquenceremos aquil vintecinco de febreiro.

Dende aquela sigue poñendo tódolos días o seu oviño; a Pitinha entrou na súa primaveira.



A pitita no monte
da Penela verde
cunha mealada
de ritos.

Manuel Gómez



Primaveira

Prá Pita chegou a primaveira que todos esperabamos, a nosa
Pita púxose moi bonitiña, pois xa emplumou.

¡Dá gusto vela!

Sáironlle unhas plumas tan brillantes e rubiñas que embo-
ba mirar pra ela.

Algora anda toda presumida.

Nós, cando a vimos tan fachendosa, pensamos que emperara
a poñer noutro sitio, pois non viña pola escola.

¡Faiche boa gracia!

O que lle pasaba era que ainda taba criando os ovos.


Esta vez tivemos unha ocorrencia moi boa, pois tiñamos un problema con eso de que os sábados e os domingos taba a escola pechada. Discorrímos de poñerlle á porta unha cadea cun candado pra que quede entreaberta e eisí poda entrar cando nós non tamos.

Volvémoslle pedir á dona que nola vendera, pero ela siguenos decindo: "¿Pra qué queréde-la Pita? ¡Tades bentolos!" Mais nós, arre que arre, dos ovos non nos desprendemos.

Na xuntamos moitos. Prá excursión de Ourense tiñamos trin-taeún e con eles fixonos dous brazos de gitano Mercedes, a mai de Anxela. ¡Que boísimos taban!

Tamén nos gustaba leva-la Pita con nós de excursión, pero non podía ser, ademais non lle prestaría* tanto axetreo, porque é unha pitiña de aldea.

Agora seguimos xuntando os ovos pra unha lambelada de outra excursión.



Cuarta temporada

Curso 1977-78


Emperámo-la escola ehi por mediadas de setembro.
¡Non diferenciabamo-la nosa Pita das outras!
Os primeiros días non veu, outra vez pensamos que non vol-
vería.

Eisí que se enterou de que empezara a escola, volveu poñer moi tranquila e satisfeita; viña moi gorda e moi lucida. O malo foi que de tan gorda que viña non podía subir a onde lle tiñamo-lo neal, entón tivemos que lle facer un novo e puxémoslle detrás da porta do almario, no chan; pero eili non se afacía e ela quería voar prá mesa, anque lle costaba traballo subir polo que pesaba. En vista desto, volvémoslle poñe-lo neal onde ela quería.

Un caso que tamén nos pasou


Un sábado (nós deixarámos-la porta entreaberta coma sempre), entraron unhos curzos* pequenos na escola; a Pita taba poñendo e espantárona, desfixeron o nealeiro, comeron os ovos e fixéronnos moito estroupeño. A Pita anoxouse e non veu poñer por unhos días.

Outro día tamén entrou un can e pilloua* no neal, amoga-
ñoua* toda, arrancoulle algunhas plumas e comeu o ovo. Tal
foi o medo que levou, que tardou ben días en aparecer. En
vista desto a porta non podía quedar aberta.





os de foxos e nos
comendo
a tortilla
dos ovos da pita



a pita cando
volveu a escala
gorda coma
RAMONA

Isabel Gómez


Polos últimos de novembro parou de poñer.

Cos ovos desta postura fixemos coma sempre moitas lambe-ladas. Un día viñeron os compañeiros da escola de Foxos onda nós, fomos de excursión a Piornedo e nos Cabaniños fixémo-las tortillas e as robadas*. Chegounos pra todos a fartar. As cascas dos ovos leváronas eles, pintáronas e fixeron un móbil moi fermoso; na segunda visita trouxéronno-lo móbil de regalo.

Outro día fomos nós á escola de Foxos, levamos dous brazos de gitano, que nolos fixo a mai de Anxela, e comémo-los eili todos xuntos.

Un conto pra pita

A Pita indo pra América



A nosa pita tivo que emigrar porque paza-
ba fame. E ó cabo duns meses mandounos un
giro de 1.000.000 de pts. pra que fomos ver mun-
do. Fixemos un viaxe moi feix e moi largo e
fimola ver. Ela coñeo nos viu eili abrazou-
re a nos e choraba moito, non podía falar
coa alegria.

Eili a pitina enteñounos
muitas cousas.

Manuel Gómez
Díaz



Quinta temporada

Hoxe, día oito de febreiro, puxo a nosa Pitiña o primeiro ovo desta temporada.

¡Qué ilusión! ¡Qué ledicia de ver outra vez á nosa querida Pita! Tabamos na escola estuidando e dixo un compañeiro: "¡Ven ehí a Pita!".

E decía Alicia: "¿ De verdade? ". E aplaudía toda leda. A mediodía fixemos fotografías con ela, que de cada pouco empezaba a patalexar, pero logo acougou.

Hoxe non é o primeiro día que a vemos nesta temporda,
pois o día dous, Anxela e Sabeliña andaban por fóra e di-
xo Anxela:

- ¿ Esta non é a nosa Pita ?

Respondeu Sabeliña:

- Parecéme que si.

Collérona, pero veu o galo e quíxoas picar. Fórónlllo decir
a Alicia e dixo:

- ¿ De verdade ? Colleia* cando veñan os de Trabado.

Ó viren, mentras unhos tornaban o galo, outros collérona;
pero ó irmos prá escola, viunos o Señor José do Fondo e
fixonola soltar; soltar soltámola, pero como somos listos,
cando il marchou volvémola collar e levámola con nosoutros.
Aquel día ainda non puxo, pero...

Dende o día oito seguiu vindo sempre, menos os fins de semana, que lle tiñamos que pecha-la porta por medo ós cais*.

O sábado e o domingo andaba louca por entrar; non pode redes maximar o que ela discurriu, teimoseaba facelo por unha ventá que dá a un lousado, pero vós veredes que en revesada era aquela faena; ainda hoxe non nos explicamos como deu con ela, pois queda na fachada máis escondida, que está pegada a un pendello e non se ve de entrada.

¡Vaiá ca Pita!

¡E non foi atinar da ventá e co xeito de chegar!


Pois nada menos que tiña que subir polas escaleiras que dende o patio levan ó corredor da palleira, de eili voar deica unha parediña, desta a un lousado e de eiquí chégase á ventá.

¡Boa estrucia che tiña!


Pero ben deitou* ser ela tan argalleira, pois nós xa non lle viamos solución.

Un día vírona Genucho e Anxela picoteando nun cristal daquela ventá. O primeiro que nos dixeron ó chega-lo luns foi: - ifli, ho*!, é a que non sabedes? A Pita xa descubriu un sitio pra entrar.

Cando nolo contaron, quedamos dunha perxa e nese momento quítámo-lo cristal. Dende aquil día, cando non tamos, entra por eili.



a pita chorando
porque otorou a escola pedada
e non pode vir pañer



A pita cagou
riba da mela
e foi Alicia e
sentouse no
cagallón.


E Alicia dixonos: ¡que temo na cacha?
e dixemoslle: ¡merda da pitina!
— ¡Merda da pita? ¡Ai! ¡Ai!
— Si, si
E riñamancos de Alicia.

Alicia tróuxonos un pato prá escola e o primeiro día que se
viron, a Pita escapou; despois, a Pita revolveuse e pegoulle
unha picoada na cabeza e xa quedou ganadora. A Pita pa-
rece que se celaba.

O parrulo non o temos na escola porque é moi sucio; mentres
a Pita fai unha cagada, o parrulo fai unha ducia de esfu-
rricadas.

Cos ovos que xuntamos neste tempo fixemos tres tortillas prá
excursión de Madrid e ainda nos quedaron pra facerlle-las
robadas ós máis pequenos prá excursión da praia.
Ea levamos gastados noventa e catro ovos.

Xa chegaron as vacaciois do vrav.
¡Que axiña pasou o curso!
¡Que lástima ternos que separar todos co ben que nos atopamos xuntos!
E o pior de todo áinda é pola Pitiña...
Si todos se nos apreta o corazón.
Non nos damos despegado dela.



APita morta
deja Me
Cando es tala
maca sado fono do
encerrada
y Olanda


Como é a nosa Pitiña

A nosa Pita é moi fermosa, grande e fachendosa, de cor rubia e con algúnhas pencas doutros cores. Ten un papo moi grande. Os ovos tamén son moi bos e moi fermosos, de cor marello con penquiñas brancas. Teñen que ser bos coma ela, porque ela é dunha rara do millor e moi poñedora. Cando é pra bota-lo ovo parece que se non toda encorespada, claro. ¡Faiche boa gracia, poi* unhos ovos tan grandes que ten que facer moi-to esforzo!

Agora xa que ten confianza con nosoutros atópase moi agustiño na escola, é unha compañeira máis e entendémonos con ela moi ben. Entra sempre cantando e paséase entre nós sin espantarse por nada e xogamos todos con ela.

Cando lle dá por cantar moito e nos estorba pra traballar, reñemoslle e cala, anque a nós gústanos que cante e faino moi ben. Algunhas veces traballamos igual, pero outras non nos concentrámos e temos que metela no neal e facela calar. O único capaz de facela calar é Luchó.

¡Que xeito ten pra ela, chachó! Non fai máis que collela e acriñala: "¡Cala Pitiña, cala!" E xa se queda sin dar outro piú. Algunhas veces que se non moi pesada cabréase con ela e réñelle; ela quedase acochadiña e desequida poi, parece que se decata de cando merece unha boa "quenta", o que pasa é que, de quitado a Luchó, ós demás pouco caso nos fai.



A NOSA PITA
VOANDO

¿Qué gracia terá Luchó pra entenderse tan ben ca Pitiña?
O que si é certo é que o Luchó é moi chistoso.

Ela algunas veces tamén se enfada con nosoutros porque lle facemos moito barullo e cando tá poñendo no neal, se non a deixamos tranquila, noise nerviosa. Cando hai moito ruido na escola, asoma a cabeza e roña pra que calemos, e nós falamos máis baixo pra que poña agusto.

Queremos ter un recordo do seu cacarexo e grabámoslle unha cinta.

A nosa Pita é moi limpiña, en cada temporada soio botou unha cagada na escola. Sería pra mostra.
¿Qué vos parece?




tres amigas
da pita o
galo e ela
bailando

Isabel Capón Tello

Alicia detrás
da pita



MARICARMEN



A rita vai co gal o ma lua

Eugenio Capon

A toda a xente lle gusta moito o caso da nosa Pita e failles
moita gracia.

Algunhos din que parece imposible, pero xa se convencerán,
porque somos moitos os que sabemos que é unha grandísima
verdade.

Os escolinos dos Prados e Alicia teremos pra sempre un
maravilloso recordo desta Pitiña, porque é a Pita más gracio-
sa do mundo, a más lista, a más simpática e a más ami-
ga dos nenos.

Gustarianos que en tódalas escolas do mundo houbera un-
ha pita coma a nosa, pero como esto non pasará, adicámoslle
a tódolos nenos que aman os animais esta historia tan fer-
mosa que aconteceu na nosa escola.

Pensamos que somos unhos nenos con moi boa sorte, porque
se nos deu a nós un caso tan especial e digno de contar. Sen-
tímonos moi ledos de escribilo, pra que moitos nenos o poidan
coñecer.

A Pita en Víspera de boda.



A nosa Pita ten un
mozo que e' un galo
rubio dos Prados

Manuel Gómez
Díaz

Este curso xa remata e a Pitiña sigue poñendo; deixarémoslle a ventá sin cristal pra que poida entrar nas vacacionis.

Esperamos que volva pró curso que ven.

Adeus, astra outra volta.

Hoxe imos ó monte face-la merenda de fin de curso cos ovos da Pita. Faremos unha película todos xuntos con ela.

Mixela Trabado
" " Amelie Fratido
Amelia Lopez Isabel Gomez Eugenio Capón
" " Díaz
Vicente + Isabel Capón Manuel Giménez
Vicente Sosa Díaz
Manoleto Lopez

Con moito cariño e unha aperta distes escolinos amigos de
tódolos que sepades comprende-la ilusión que temos ca no-
sa Pitiña.


30 Xuño 1978

Escolinos de Os Prados.
Os Ancares. Cervantes. Lugo.

~~Manuel Santon~~ Amigo
~~carmina~~
~~maricarmen co rom~~
~~Nicol Lopez Martínez~~
~~Almudena Sorn~~
~~José Gómez~~

~~Hilda~~
~~Yolanda S. P. O.~~
~~Maria Ferreira~~

*Retratos
coa nosa Pita*











































































SITUACIÓN DA ESCOLA DE OS PRADOS

No municipio de Cervantes, en Lugo, seguindo na dirección da estrada Doiras-Piornedo, na entrada dunha das más impresionantes e sinaladas comarcas de alta montaña galega, Os Ancares, atópase nun frondoso val o lugar de Os Prados, pequena aldea que vén contando con oito casas habitadas e arredor duns trinta veciños.

A seguinte descripción recolle a situación ata a data na que aconteceron os feitos aquí expostos.

A esta escola asistían ademais dos nenos de Os Prados, nenos das aldeas do redor, Folgoso, Trabado, Freixo, e incluso algúns da Fulgueiroa; os de máis lonxe nos días de duro inverno paraban nas casas dos familiares máis próximos á escola. A non se-los que vivian nos Prados, tódolos demais viñan camiñando e traían a comida.

A matrícula durante estes cursos (1975-1978) veu sendo duns dezasete nenos en idade escolar, de tódolos niveis de EXB e Preescolar. Amais asistían algúns maiores.

A escola de Os Prados é unha das más antergas deste municipio. Creouse por vontade da coñecida familia dos Señores do Fondo do Lugar, que puxeron a disposición un local. O Concello de San Román de Cervantes fixose cargo del por alugamento e pagando unha renda tan miserenta que a sinalada familia endexamais se molestou en cobrar. Este feito dicidiu o abandono no que se viu o local; foise desmoroando sen que ninguén botase mao del. O concello desentendíase alegando que non arranxaba un local alugado; os donos non tiñan ningunha obriga, pola contra, a escola supúñalles un grande estorbo.

Aquel local atopábase nun estado ruinoso: buratos por tó dolos recantos, a madeira do chan podre (a cada intre caíanno-las cousas á corte que había debaixo), non tiñamos luz eléctrica, a escuridade era tal que moitos días de inverno non se podía traballar, a escalaera era un perigo, xa que a baranda que amparaba a soleira estaba descravada e cando chovía esbarabamos na pedra... Os "servicios" había que improvisalos deseito: para beber e lavarse, na billa do bebedeiro das vacas, e para face-las outras necesidades... "poñerse ó fresco" ou aproveitar de ir á corte cando non estaban as vacas; os patios de recreo e as pistas de deportes eran os camiños, a aira ou o Prado do Fondo, que está a carón da escola, todos eles sitios privados, pese a que moitas veces, colmando a paciencia dos veciños, estes resignábanse a deixarnos por imposibles; estorbabamos en tó dolos lados e a pelota estaba moi arresponsada por mor dos vidros das ventás. Xa nos fomos afacendo a aquelas rosmas.

A escola formaba parte das dependencias da casa, ó fondo do amplio curral descuberto que dá entrada a tó dolos servicios. O normal era que este curral se atopara cheo de gando; a maiores das vacas da casa, aquel era o lugar de concorrencia de centos de vacas e bestas, por asunto de que nesta casa teñen autorizadas as paradas de touros e de cabalos semetais. A conto disto, un impoñente xato xa formaba parte do trafego da escola. O sufrido animal que había naquel entón, adoitou deitarse xusto no único paso por onde nós podíamos atrochar; era tanta a lama e estrume daquel curral que se nos enterraban os pés, de xeito que ós pequeniños tiñamos que pasalos no colo cando se encoraba o bulleiro. Nin que fora adrede, o boi teimaba en non arredarse de alí. O caso foi que de tal xeito se acomodou a nós que xa compartía de boa fe aquela estrucia, ademais de facerse tan mansiño que lle pasabamos a man por riba do lombo coma se fose unha ovella. Co asunto da parada do cabalo, era outra peregrinación das bestas da contorna. O cabalo, que más ben tiraba a bravo, era moi diligente para os couces; as súas sesións coas femias eran de perigo. Agora ben, as leccións naturais de reproducción eran as escenas de cotío na entrada da nosa escola.

O frío que se pasaba nesta escola era o propio dun clima de alta montaña, engadindo que chovía dentro, enfiábase o vento e a estufa de butano que ali había era tal cachapelo que tivemos que arredala. A conta para ir resistindo era saír a cada intre a corre-lo frío fóra ou quentarse nas casas dos veciños.

Despois dunha xuntanza cos pais, acordouse que se tomarian fortes medidas de presión para que os responsables daquel abandono se fixesen cargo; xa ninguén estaba disposto a que os seus fillos seguisen perdendo a saúde. Comenzouse a obra por decisión dos pais: púxose a luz, repisouse, quitaron goteiras, pintaron e fixose unha cheminea que, ademais de mantérno-lo local moi quentío, permitía que puidesen comer na escola e quentalo seu xantar os nenos que viñan das aldeas antes sinaladas.

Despois de rematada a obra e a por de moito esixir, o Concello fixose cargo dos gastos deste arranxo.

Dende aquela a nosa escola converteuse nun lugar cobizoso para os nenos e para os grandes, pois era o único sitio acolledor onde podíamos celebrar-las festas e xuntanzas nas que participaban os veciños de tódalas idades, vindo de tódalas aldeañas que pertencían á escola de Os Prados e ata algúns que non pertencían.

A lamentable situación aquí exposta dunha escola de montaña, non é o retrato dun caso perdido. Esta realidade é, en moitos aspectos, un exemplo de como viñeron funcionando gran parte das escolas rurais galegas.

A partir do ano 1981 suprimiuse a escola de Os Prados, e dos poucos nenos que ali quedaban algúns pasaron ás escolas máis achegadas de Doiras e Cela, onde se concentraron provisionalmente mentres se reivindicaba un proxecto de pequenas concentracións feito no ano 1976. Dito proxecto baséase nun plan de escolarización axeitado á problemática xeográfica e social da zona, como alternativa que se contrapón á *Escuela Hogar*, que pola mesma data se decidiu para San Román, lugar emprazado nun extremo deste extenso municipio. Por causa desta situación, algúns nenos da desaparecida escola de Os Prados, ó nos disporen de transporte e quedaren moi distantes doutras escolas, foron internados na sinalada *Escuela Hogar*.

O destino que se lles deparou ós escolinos de Os Prados ó pechárselle-la súa escola, non é caso único, é soamente unha mostra da desatinada situación na que fican milleiros de nenos da Galicia rural, que están condenadas ó traslado ás grandes concentracións ou ás *Escuelas Hogar*.

A relación escolar dos nenos de Os Prados vaise tornando moi distinta, sendo o cambio más contradictorio o dos nenos que van internos para a *Escuela Hogar*, onde a vida se lles presenta moi pechada: ali non pode haber portas abertas ó seu mundo. A medida que o neno se alonxa en kilómetros do seu lar, a escola vaise desconectando da súa vida, vaise

estreitando o camiño que podía levar ó mestre a unha integración no ambiente dos seus escolinos e a un coñecemento profundo de cada neno. Do mesmo xeito vaise abismando o camiño dos pais cara a escola dos seus fillos... Vaise, en fin, desnaturalizando o labor educativo.

Para estes nenos xa se acabou aquelo de xuntarse nas casas dos seus veciños, de apañar floriñas polo monte para adorna-la escola, como se acabou aquelo de correr ceibes polos camiños á raiola do sol, admirando cantas expresións vai collendo a súa aldea segundo o sol se vai mudando cada día. Endexamais para estes nenos un ambiente de entre reixas e paredes poderá sustituirlos cheirumes garimosos dos regatos, a conversa das follas no seu ruxir de outono ou nos romances que escoitan dos seus avós nas entrañables noites de castañas tras do lume.

O que si levarán os escolinos de Os Prados onde queira que fiquen, é a viva presencia da nosa pitiña. Mais, parece abafado o seu soño de que cousa tal coma outra pita poida enche-la súa escola... Dende aquel trasplante, estes nenos non estudiarán procurando un respetoso silencio para que, entre eles, unha pita acougue queda a poñe-lo seu ovo. Xa non disfrutarán de máis intres de gaiola nos descansos da súa tarefa, animados por unha compañeira que sabe adicarles un ledo cacarexo xustamente cando é preciso facer unha pousa na xornada.

Causa señardade que se perdan escenas coma as de traballar ó carón do lumiño aceso coa leña que entre todos carriaron, almorzar derredor dunha cheminea lembrando historias e cantigas que ouviran, ou xurdindo un conto colectivo para escenifica-lo dia da festa con tódolos veciños.

Esta calor que aviveceu unha convivencia inzada de estímulos para facer vitais uns coñecementos escolares, será sustituida por unhas aulas típicas hermeticamente isoladas da realidade de cada neno. Ali, dende uns modernos pupitres, acoubarán os seus latexos namentes escoitan os contidos duns programas tan distantes dos seus sentires como distante é a linguaxe que lles transmite. Dende estas situacóns, encomenzan os síntomas dese mal da "friaxe" que non se dá quentado con ningunha calefacción nin cura entre as vistosas instalacións duns ben equipados colexiós. O mal que aquí encomenza vai entumecendo ós que non encaixan nas gramalleiras para as que están programados.

Se cadra..., a nosa Pita ten moito que dicirnos dos nenos inadaptados, dos que lles decebe o interéz ou do "fracaso escolar".

*ÓS INTERESADOS EN COMPARTI-LA EMOCIÓN DA MESTRA QUE
PARTICIPOU NESTA HISTORIA*

Ó chegar a esta escola aillada nas entrañas de Os Ancares, sentín como se me presentaba a oportunidade de achegarme a un mundo que escondía de xeito inquedo toda unha paradoxa de miseria e grandeza dunha sociedade pechada ó progreso. Ante esta forte entarda na miña primeira escola sentinme totalmente despida de teorías e desprovista de experiencias. Soamente contei co ánimo de desprega-lo espírito receptivo e coa crenza de que hai que voltar ó “punto cero” para encomenzar por sentirnos a nós mesmos, para dende aí entrar na onda de transacción cos demás.

A miña primeira intuición foi que daquel encontro con persoas tan sás tiña que saí-la inspiración precisa. Abondaba con escoitar cando me obsequiaban cuns pensamentos tan sinxelos e fondos... musicados na fala máis engaiolante que eu endexamais ouvira. Tal é o encanto daquelas xentes agromadas na harmonía da natureza virxe, nunha inmensidáde de fermosura serena, salvaxe e forte. Tal é a dozura duns nenos criados no berce feito polas vaguadas das montañas e acalentados coas cantigas daqueles yelliños cumes preñados de remanso e fertilidade.

De entre aquelas leccións de agarimo humano e da natureza funme convencendo de que a escola ten que converterse na oportunidade que nos dispoña a experimentar e adeprender cos nosos senso e coá nosa alma dende a realidade máis íntima que nos cobeza; de que os pasos más firmes do coñecemento son os que se dan sobre do estudio do que acontece e palpita pretiño de nós.

Nesta escola adeprendín que os mestres, ademais da ciencia, precisamos dunha arte, e a nosa arte de mestres está en sulagarse no mundo espontáneo e intuitivo dos nenos, dispara-la imaxinación, aventurarse na fantasía para chegar con eles ó País de Ningures onde todo é posible...; en crear un xeito de vida intenso. Para esto témo-la meirande enciclopedia nas fontes da sensibilidade.

Dende que tiven que deixa-la Escola de Os Prados síntome viaxando nun soño de esperanza no que me vou atopando con tódolos que estades dispostos a abrir portas e ventás para que a escola sexa unha aventura compartida, unha ilusionada procura, unha fonte viva de coñecementos dende a harmonía coa natureza. Coido que os nenos que entren nas escolas dos que viaxamos por estos vies medrarán na inquedanza de labourar cara a un senso máis amplio de sociedade, cara a unha cultura feita con emocións de liberdade e amor, feita con pedras que non son propiedade de ninguén.

Alicia

GLOSARIO

ACOBILLOUSE: Acogollouse tapándose con algo. Acobullouse.

¡AI HO!: ¡Ai home! ¡Ai hom!

AMOGAÑOUA: Abocañouna, (mordeuna facéndolle feridas).

ANDABA NA VENDIMA: Dise cando as pitas depluman e deixar de poñer namentres non volven emplumar. Este descanso venlles polo comenzo do outono.

BEN DEITOU: Boa sorte tivo. Ben lle pintou. Ben acertou.

CAIS: Cans.

CAMIN: Camiño.

CIMBROU: Ciscou. Esparramou. Es pallou cunha zoupada.

CISCABA: Expulsába o axiña e con forza. Botouno aburada.

COLLEIA: Collédea.

CUZOS: Cans pequenos.

¡CHACHO!: Exclamación moi empregada; implica directamente ó ouvinte.

ENGURUÑOU: Acochou Acogollou. Enguriñou ó xeito dun cogollo.

FORNELA: Covo que semella un pequeno forno feito na parede de pedra, aproveitando a profundidade desta; ten utilidade para poñer cousas. Burata.

¡GALÁN!: Exclamación moi dita nesta zona; está referida a cando o ouvinte participa no motivo da conversa.

GALGOU: Rodou. Deu voltas polo chan.

GRUÑABA: Rosmaba.

LAMBELADAS: Lambetadas. Lambereadas.

NEAL: Niño. Niñeiro. Niñal. Poñedeiro.

PILLOUA: Pillouna.

POI: Pon o ovo.

PRESTARÍA: Sentaría ben.

RIÑA: Ruín (referido ó feminino; para o masculino din *riño*).

ROBADAS: Torradas.

VACACIOIS: Vacaciós. (Nesta zona emprégase a terminación —ois para tódolos plurais dos nomes que noutras zonas se forman en —óns.)

TABA: Estaba.

TABAMOS: Estabamos.

TAR: Estar.

TUVEMOS: Estivemos.

TUVO: Estivo.

TOU: Estou.

(Formas do verbo *estar* peculiares da montaña.)

As formas verbais que rematan en —OUA, —EIA, como *abucañoua*, *pilloua*, *colleia*, son variantes que corresponden ás formas *-ouna*, *-eina*, coma *pillouna*, *colleina*.

AQUIL

DISTE

ILES

ISTE

(Variantes dos demostrativos; *este*, *ese*,
aquel.)

DEILI

EILI

EQUI

EISI

(Variantes das formas adverbiais: *de allí*,
allí, *aquí*, *así*.)

Moitas persoas queridas viviron con nós os acontecementos desta familiar Pita. Xentiñas de Os Prados, Folgoso, Trabado, Freixo, Fulguiroa, Degrada, Lugo, Rubián de Cima e outros distantes sitios, que con moito agarimo seguiron este feito da nosa escola, teñen tanto que dicir coma nosoutros. Do mesmo xeito sentíronse preto de nós os nenos das escolas de Foxos (Pedrafita) e Busgulmar (As Nogais); xunto coas súas mestras viviron con nós entrañables xornadas. Tamén outros mestres amigos, coñecedores da nosa escola, alentaron esta publicación cunha colaboración chea de entusiasmo.

Tódolos que nos sentimos unidos pola Pitiña temos para compartir algo que non esmorece co tempo.

Contido

<i>Limiar</i>	7
<i>Os nenos lectores</i>	9
<i>Primeira temporada</i>	13
<i>Segunda temporada</i>	35
<i>A terceira temporada da Pita na escola</i>	41
<i>Cuarta temporada</i>	45
<i>Quinta temporada</i>	51
<i>Como é a nosa Pitiña</i>	59
<i>Retratos coa nosa Pita</i>	71
<i>Situación da Escola de Os Prados</i>	85
<i>Os interesados en comparti-la emoción da mestra que participou nesta historia</i>	89
<i>Glosario</i>	91

Rematouse de imprimir
no obradoiro de Artes Gráficas Galicia, S. A.
na rúa Segovia, 15, de Vigo,
o dia 16 de maio do 1985,
vispera do "Dia das Letras Galegas".

